

**ASUNTO: DECRETO SUSPENSIÓN TEMPORAL ESCOLAS DEPORTIVAS**

O Concello de Monforte ofertou, para o curso 2020 – 2021, unha serie de modalidades deportivas non federadas dentro do programa de Escolas Deportivas Municipais dirixidas a nenos/as e adultos/as.

A actividade de cada unha das modalidades comezou o luns 5 de outubro levándose a cabo con normalidade ata o día de hoxe.

A organización de cada unha das modalidades levouse a cabo tendo en conta os aforos máximos establecidos para cada actividade así como as medidas de prevención de contaxio por COVID-19 establecidas polas autoridades sanitarias.

A Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia dispón:

*“ANEXO-Medidas de prevención específicas*

*3.14. Actividades e instalacións deportivas.*

*A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico. No caso da práctica de forma colectiva, o máximo será de cinco persoas de forma simultánea, sen contar, de ser o caso, o monitor.*

*Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata cinco persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.*

Tendo en conta a evolución da pandemia do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta as limitacións de aforo e de composición de grupos establecidas, e tendo en conta que a maioría de grupos de actividade de cada unha das modalidades deportivas ofertadas supera as cinco persoas.

Con base no anteriormente exposto, en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, esta Alcaldía RESOLVE:

**PRIMEIRO.-** Suspende a actividade das Escolas Deportivas Municipais dende o día de hoxe e ata que se dean as condicións axeitadas para o seu reinicio.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do mesmo ao técnico de deportes e proceder á publicación na páxina web municipal.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde

**FIRMAS Y FECHAS**

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 22/10/2020  
JOSE ANTONIO MOURELLE GILLERO-Secretario - 22/10/2020  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/10/2020 15:03:47

DECRETO: 2020001581  
Fecha: 22/10/2020  
Hora: 15:03  
Persona 76561868C





Ordena e asina o Sr. Alcalde  
Certifica e asina o Sr. Secretario



**FIRMAS Y FECHAS**

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 22/10/2020  
JOSE ANTONIO MOURELLE GILLERO-Secretario - 22/10/2020  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración  
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/10/2020 15:03:47

